

TEMA 12: "O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes".

A importante recuperación do teatro galego a partir dos 70 vai fortalecerse nas décadas seguintes. Consolidación de autores coma Manuel Lourenzo, Vidal Bolaño ou Euloxio Ruibal e aparición doutros autores novos.

Diversidade de grupos que comezan nos anos 80 (Uvegá Teatro, Teatro de Ningures, Tranvía Teatro, Teatro do Morcego, Sarabela Teatro,...) No 1984 créase o Centro Dramático Galego que montará producións propias e adaptacións de grandes autores (*Os vellos...*, de Castelao; *O enfermo imaxinario*, de Molière; Bertol Brecht; Shakespeare;...).

A xeración dos 80

Estes autores, logo dos cambios políticos, abandonan a temática social. A heteroxeneidade de fine estes autores nos que predomina o culturalismo e o contido simbólico. Tamén o emprego do humor e a ironía, parodia e anonimato dos personaxes.

Destacan autores coma Xesús Pisón (*O pauto, Tatuaxes*) ou Miguel Anxo Fernán-Vello que escribe sobre temas da relación humana (soidade, amor,...). Autor de obras coma *A tertulia das máscaras* ou *A casa dos afogados*.

Outros autores son Miguel Sande, Roberto Salgueiro, Lucía Villalta ou Alberto Avendaño.

Xeración dos 90

No teatro dos anos 90 hai un menor simbolismo, uso da intertextualidade e gran coidado da estrutura da peza, tratando de facilitar a representación escénica.

Destacar a Kukas, co seu Teatro de monicreques (*O Mariscal*); Cándido Pazó, autor e director do grupo A Farándula (*O melro branco*). Tamén Eduardo Alonso (*As alegres casadas*); Quico Cadaval (*Código clandestino*) ou Gustavo Pernas (*O galego, a mulata e o negro*).

Asemade, Raúl Dans, actor, autor e guionista que publica *Matalobos* e Miguel Anxo Murado con *A gran noite de Fiz*.

O teatro do novo milenio

Os autores e obras aumentaron considerablemente nos últimos anos. A principal característica segue a ser a heteroxeneidade de temas, con tendencia a un teatro máis lúdico con predominio da ironía e a parodia como forma de reflexionar sobre a actualidade. Tamén se fai teatro experimental con técnicas innovadoras.

Preténdese darlle importancia á representación sobre a creación literaria coa intención de crear un teatro-espectáculo que atraia o interese do público.

Foron moi importantes os premios Álvaro Cunqueiro e Rafael Dieste para a promoción dramática. Hoxe en día, dáse unha progresiva profesionalización do teatro e maior esixencia de calidade nas montaxes.